

**EUDI**



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# TALLER DE RECICLAXE E CONSUMO RESPONSABLE

Educación medioambiental para adultos mediante  
unha actividade de ApS

Responsables: María José Abad López e Ana Isabel Ares Pernas

Curso: 2019/20

Escola Universitaria Deseño Industrial

# OBXETIVOS E DESENVOLVEMENTO

O reto

Mellora da educación medioambiental dos consumidores novos

Contextualización

5 estudantes de 4º curso da materia Deseño e Procesado con Polímeros do Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto.  
En colaboración coa asociación Xeración  
Producto: vídeos breves para difundir mediante as redes sociais, YouTube...

A acción do  
servizo



Elaboraron distintos vídeos breves para logo poder difundir mediante as redes sociais, YouTube, etc. Nunha primeira serie de vídeos, fixéronse entrevistas a pe de rúa, para coñecer a opinión dos cidadáns de Ferrol sobre os materiais plásticos, o seu uso, reciclaxe, etc. Na segunda serie, o alumnado propón alternativas á utilización dalgúns produtos cotiáns de un só uso (bolsas de transporte, filme de cociña, produtos de hixiene feminina entre outros), e informa sobre o impacto que ten na natureza, a mala xestión dos residuos xerados por estes produtos.

A acción de  
aprendizaxe  
(competencias)

- Aplicación de habilidades e coñecementos impartidos na materia
- Capacidade de deseño, redacción e dirección de proxectos en todas as fases
- Capacidade de organización, planificación, análise e síntese
- Traballar de forma colaborativa. Dinámicas de grupo e traballo en equipo
- Conciencia da realidade social e da utilidade para cambiala- Cidadanía responsable

# CRONOGRAMA

Setembro	Selección dxs alumnxs e formación dos equipos de traballo
Outubro	Visita inicial ao centro de Xeración. Selección dos temas dos vídeos. Preparación dos guións e materiais polo alumnado da UDC Recollida de reflexións iniciais dxs estudantes. Tutorización e seguimento dos traballos.
Novembro	Grabación das entrevistas a pe de rúa. Grabación do resto de vídeos. Edición inicial dos videos. Tutorización e seguimento dos traballos.
Decembro	Difusión dos videos a través das redes. Recollida das reflexións finais dxs estudantes, entidades e profesorado. Avaliación dos resultados da actividade e das competencias acadadas polxs alumnxs, segundo a rúbrica. Posta en común (alumnxs-titoras) dos resultados obtidos.



"Mentres non haxa algo de un custo baixo que substitúa o plástico, queiramos que non, seguirá existindo."



No son biodegradables  
ni reciclables.

Van al contenedor de  
los restos.

No se deshacen, y perjudican  
gravemente al medioambiente si  
no se tiran al contenedor.



En España son consumidas  
**3.500 millones** de  
botellas de plástico cada año,  
más de la mitad se recicla.



# AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

# POLOS DISTINTOS AXENTES

a) A entidade colaboradora


b) As profesoras da UDC

Tanto por parte da entidade coma por parte das profesoras da UDC, a avaliación é moi positiva. O representante de Xeración destacou a implicación dxs estudantes noutras actividades dirixidas pola entidade, coma na limpeza de rúas ou praias. Despois da avaliación das titoras, podese destacar o esforzo dxs estudantes da UDC por promover o consumo responsable reducindo a xeración de residuos plásticos e o seu impacto., Avaliouse o número de visitas/descargas dos vídeos no YouTube de Xeración e nas RRSS do Laboratorio de Plásticos. Pero coma punto feble, hai que destacar que o impacto non é doado de cuantificar, xa que non pasou tempo dabondo dende a publicación dos vídeos. A situación vivida coa pandemia producida por la COVID19 fixo que se retrasase a publicación dos vídeos, coa idea de que tivesen un maior impacto.

d) O alumnado da UDC

A valoración do alumnado da UDC foi moi positiva como se reflexa nos resultados das enquisas mostradas na esquerda.

RESULTADOS ENQUISAS ALUMNXS DA UDC



# AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

## Reflexións finais dos estudantes da UDC

*“Pode que a moitos os vídeos non lles afecten, pero mentres alguén aprenda algo véndoos, xa valerá a pena”*

*“Realmente era pouco consciente da gran desinformación que hai sobre este tema. Estes vídeos poden ser unha boa maneira de invitar á xente a informarse mais”*

*“Impáctame que sexamos conscientes do problema que temos é non sexamos capaces de aplicar as solucións necesarias para acabar con el”*

*“Todos somos responsables e temos parte de culpa na xeración de residuos e o impacto medioambiental que producen”*



Su tiempo de vida es de **5 minutos** y luego se convierte en residuo.

Usar vasos, tazas o termos reutilizables ahorra muchos desperdicios y **no provocan contaminación** durante su uso.

**XERACIÓ** 

 **LabPlast**  
LABORATORIO DE PLÁSTICOS

 **PEMENTA**  
PLANO PEMENTA  
S. Coop. Galega

 Oficina de Cooperación  
e Voluntariado Universidade  
da Coruña


**EUDI**  ESCOLA UNIVERSITARIA DE DESEÑO INDUSTRIAL

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

 FRIDAYS FOR  
FERROL  
FUTURE

# CONCLUSIONS

- ✓ O alumnado da UDC promoveu a educación medioambiental entre a xente nova mediante a elaboración de videos curtos para difundir nas redes sociais
- ✓ O alumnado demostrou acadar os obxetivos académicos, dada a calidade das videos que fixeron e o interese amosado durante toda a actividade
- ✓ Todos os axentes implicados mostraron a súa satisfacción coa actividade e o seu interese por repetir a experiencia.
- ✓ Academicamente, xs alumnxs adquiriron os coñecementos da materia con maior facilidade que os seus compañeirxs, pola vantaxe que supón a aprendizaxe baseada na experiencia.
- ✓ A avaliación das competencias, tanto da materia como as transversais resulta máis doada porque se pode observar e avaliar ao alumnado e ao grupo durante todo o proceso.
- ✓ Trala actividade, o alumnado valora a importancia do seu traballo no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Obtención de parte das competencias da materia Deseño e Procesado con Polímeros.  
Grao Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto